



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
cabana@concello-cabana.es

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CONSTITUIDA DENTRO DA LICITACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO NO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS .APERTURA SOBRE C. PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

No salón de Plenos do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 9.45 horas do día 2 de Agosto de 2012 e baixo a Presidencia do señor Alcalde do concello, don José Muíño Domínguez, constitúese a Mesa de Contratación prevista na cláusula duodécima dos pregos que rixen a contratación, composta polos membros que se relacionan á marxe (composición que cumpre co previsto no artigo 21 do RD 817/09) coa finalidade de proceder á apertura do sobre C - proposición económica-.

### **PRESIDENTE:**

D. José Muíño Domínguez, Alcalde do Concello.

### **VOGAIS:**

D<sup>a</sup> Paula María Suárez Cotelo  
Secretaria Xeral do Concello

D<sup>a</sup> Gema Vázquez López, Interventora Municipal.

D<sup>a</sup> Yolanda Imia Antelo, tesoureira accidental.

### **SECRETARIA:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Candal Rey, funcionaria do Concello.

Comprobado pola sra Secretaria a existencia de quórum necesario para a celebración do acto, a tenor do disposto

no artigo 21.7 do R.D. 817/09, e unha vez constituída a mesa, procédese a dar audiencia pública, concorrendo ó acto don Mario Santos, en representación da empresa licitadora Espina&Delfin.

Antes de proceder á apertura do sobre C, pónense de manifesto os erros aritméticos que o enxeñeiro técnico industrial que asiste á mesa de contratación, don Juan Montenegro, detectou na análise realizada á documentación contida no sobre B aportada por Espina&Delfin. Segundo o indicado técnico industrial, trataríase dun erro aritmético producido á hora de sumar as partidas correspondentes a gastos de enerxía eléctrica e análises químicas, tal e como queda de manifesto no seguinte fragmento do informe elaborado:

	Abastecimiento	Saneamiento	Suma
Gastos fijos €/año	47.886,37	57.886,37	105.772,73
GG y BI s/gastos fijos €/año	4.788,64	5.788,64	10.577,27
Total Gastos fijos	52.672,01	63.672,01	116.350,00
Gastos variables €/año	14.204,25	33.712,50	47.916,75
GG y BI s/gastos variables €/año	1.420,43	3.371,23	4.791,66
Total Gastos variables	15.624,68	37.083,73	52.708,41
Total	68.299,68	100.758,33	169.058,21

	Abastecimiento	Saneamiento	Total
Gastos fijos €/año	50.880,36	57.886,36	108.766,72
GG y BI s/gastos fijos €/año	5.088,04	5.788,64	10.876,67
Total gastos fijos	55.968,40	63.675,00	119.643,39
Gastos variables €/año	14.204,25	41.778,90	55.983,15
GG y BI s/gastos variables €/año	1.420,43	4.177,89	5.598,31
Total gastos variables	15.624,68	45.956,79	61.581,46
<b>Total</b>	<b>71.593,07</b>	<b>109.631,79</b>	<b>181.224,86</b>
<b>Diferencia</b>	<b>-3.293,39</b>	<b>-8.873,26</b>	<b>-12.166,65</b>

Posto de manifesto o erro pola Mesa de Contratación, por parte do representante de Espina&Delfín aclárase que non se trata dun erro na suma, senón que se realizou unha rebaixa nas cuantías totais, cuantías que foron trasladadas ao cadro do estudio económico a 25 ano (tabla 2) sendo estes os valores correctos e todo coa finalidade de non superar o importe da subvención máxima.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial que asiste á mesa de contratación e levantada acta das manifestacións realizadas polo representante da empresa Espina&Delfín, a Mesa de Contratación acorda aplazar a apertura do sobre C para comentar a incidencia co técnico asesor e volver a analizar o contido do sobre B.

Levántase a sesión da Mesa, cando son as 10. 15 horas do 2 de Agosto de 2012, extendéndose a presente acta que asinan todos os membros da Mesa de Contratación, do que, como Secretaria da mesma, dou fe e certifico.

*Pedro Cordero*

